

PROTOCOLO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Tódolos participantes deberán ser socios do ANPA e cubrirán unha ficha de inscrición.

Deben manterse os grupos de convivencia estable ou gardarse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral.

Haberá de luns a xoves unha actividade no patio exterior que se realizará no patio cuberto no caso de malas condicións meteorolóxicas e outra no interior evitando igualmente aglomeracións.

É preciso extremar as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.

Os monitores das actividades empregarán máscara durante o transcurso da mesma e gardarán a distancia de seguridade na medida do posible.

Haberá unha persoa do centro de garda durante o transcurso das actividades extraescolares á que se debe notificar calquera incidencia.

Se hai posibilidade, haberá unha persoa de apoio á hora de entrada das actividades.

Os responsables de verificar todo o procedemento serán os membros do Equipo Covid e a quen hai que notificar en caso de que algunha persoa presente síntomas durante o transcurso das actividades.

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS:.

Toma da temperatura ao entrar os nenos e nenas que non quedan a comedor.

Despois das actividades desinfectarase o material e as aulas empregadas.

Manterase unha ventilación adecuada das aulas (antes, durante e despois).

As actividades realizaranse, sempre que sexa posible, na mesma aula ou espazo.

Levarase un rexistro das persoas que participan nas actividades, ocuparán sitios fixos na medida do posible e respectando a distancia de seguridade.

O aforo máximo por cada actividade será o marcado polo centro.

Unicamente haberá un horario para as actividades extraescolares, de 16:00 a 17:00h

A entrada das actividades para os nenos e nenas que non quedan a comedor será pola porta do aulario.

A saída das actividades de interior será pola porta do aulario. A saída das de exterior será pola cancilla ao lado do aulario en caso de bo tempo e pola porta do patio cuberto noutro caso.

Respectaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou nivel) ou agruparanse por idades próximas.

Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumprir coa normativa de aplicación en cada momento.

2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO:

Non será necesario que os/as pais/nais/ titores legais entreguen unha declaración responsable (Enquisa de autoavaliación clínica do COVID) para extraescolares posto que xa é obrigatorio entregar esta declaración ao centro escolar ao inicio do curso.

A máscara será obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.

Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o curso.

Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans.

A hixiene de mans, realizarase con auga e xabón, e será obrigatorio ao entrar, despois de xogar, de ir ó baño, esbirrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora.

Non poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas.

No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:

- a) Avisarase á persoa do centro que estea de garda para que siga o protocolo covid.
- b) No caso de persoas maiores de idade, estas procederán de acordo co previsto con carácter xeral coas particularidades que o plan de continxencia de cada centro poida prever. Porán unha máscara cirúrxica, abandonarán a actividade e contactarán cos servizos sanitarios para seguir as súas indicacións.

Ante un positivo por COVID-19 se seguirán en todo momento as recomendacións dos servizos sanitarios, e actuarase coordinadamente cos mesmos.